



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Óptica e Optometría

Curso Académico: 20/21

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	6
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	6
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	15
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	24
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	30
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	33
Directriz 6. Información pública	37
3. Plan de Melloras do centro	40
4. Modificacións nos diferentes títulos	56
5. Listaxe de evidencias e indicadores	57

1. Introducción

A Facultade de Óptica e Optometría considera a importancia que ten a calidade no contexto universitario, para garantir os programas formativos que dean resposta ás demandas da sociedade. Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade elabora a súa política tendo como principal obxectivo o desenvolvemento de programas formativos avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A USC aprobou primeiro o Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC) marco en decembro de 2009, e a Comisión delegada do Consello de Goberno de Calidade e Planificación, na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013, aprobou unha simplificación documental e o 3 de outubro de 2014 unha modificación dos indicadores e informes dispoñibles dentro do SGIC. A Facultade de Óptica e Optometría, mantendo o seu compromiso coa calidade adaptou o seu SGIC conforme ás modificacións do SGIC marco e elaborou o manual simplificado, que foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 4 de febreiro do 2015. Posteriormente, a USC, en aras de simplificar o proceso de calidade, fixo unha nova modificación do mesmo establecendo un novo Sistema de Garantía de Calidade (SGC) marco, polo que a Facultade de Óptica e Optometría volveu a adaptar o seu SGC conforme ao da USC, onde se suprimiu o manual extenso e os procesos e procedementos obsoletos. Deste xeito, elaboráronse o novo Manual do SGC e o Manual de procesos da Facultade, ambos aprobados pola Comisión de Calidade da Facultade reunida no 10/07/2019 e posteriormente pola Xunta de Facultade con data 11/07/2019.

O “Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Óptica e Optometría”, así como o “Manual de Procesos” están dispoñibles na páxina web da Facultade, no seu epígrafe dedicado á Calidade:

<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-optica-optometria/calidad/documentacion-sgc>

A documentación relativa ao SGC en vigor durante o curso 2019-20 recóllese na Secretaría do Centro e nas vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento; tamén dispoñible na web da Facultade na ligazón de Calidade:

<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-optica-optometria/calidad/documentacion-sgc>

Dende o 24/07/2013, data na que se puxo en marcha a “Aplicación de Apoio aos Sistemas de Xestión”, por parte da Área de Calidade da USC, tanto o Responsable de Calidade como a Responsable da Unidade de xestión do centro e departamentos da Facultade de Óptica e Optometría, utilizan dita aplicación informática, incluíndo nela todas as accións de calidade desenvolvidas en cada curso.

O ámbito de aplicación do SGC durante o curso 2020-2021 ten en conta ás titulacións impartidas no centro e a todos os grupos de interese da Facultade.

Os títulos vinculados á Facultade durante o curso 2020-2021 son:

- Grao en Óptica e Optometría.

Titulación profesional regulada por Lei; “*Ley 44/2003 de 21 de noviembre, de ordenación de las profesiones sanitarias*”

- Máster en Optometría.

Impártese o título de Máster en Optometría, na súa terceira edición, sendo unha titulación de orientación mixta, profesional e investigadora.

Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGC, ademais do Manual do SGC, o Manual de Procesos e a normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que se relaciona a continuación:

- Memoria do Grao en Óptica e Optometría da USC
[vínculo memoria do grao.pdf](#)
- Memoria do Máster en Optometría da USC
[Vínculo memoria do máster.pdf](#)
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Óptica e Optometría
<http://www.usc.es/gl/centros/opto/regulamento.html>

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son a Xunta de Facultade, a Comisión de Calidade, a Comisión de Título de Grao a Comisión académica do Máster, o Equipo Decanal, o responsable de calidade do centro e a coordinadora de cada título. As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionados co desenvolvemento do SGC poden consultarse no punto 3 do Manual do SGC da Facultade de Óptica e Optometría: Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade
<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-optica-optometria/calidade>

Detállanse a continuación a composición e funcións da Comisión de Calidade:

MEMBROS DA CCC

Decano/a do centro, ou a persoa na que delegue

O/a responsable de calidade do centro (RCC)

Coordinador/a de calidade (*se o/a houbese*)

Coordinadores/as das titulacións de grao e mestrado

O/a responsable da Unidade de apoio á Xestión de Centro e Departamentos

2 representantes do alumnado

4 representantes do profesorado

Son funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, implantación, seguimento e mellora do SGC da Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade, que englobará os distintos informes e memorias (informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras da Facultade par
- a o curso seguinte; informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora e memoria de seguimento dos títulos que inclúen as propostas de mellora, elaboradas polas correspondentes comisións de título).

No curso 2020/2021 a comisión de calidade reuniuse nas seguintes datas:

Reunións da Comisión de Calidade do curso 2020/2021	
Data e tipo de sesión	Orde do día
14/09/2020	1.-Aprobación, se procede, da Memoria de Calidade da Facultade de Óptica e Optometría – curso 2018/2019
15/04/2021	1.-Aprobación, se procede, do Informe de Seguimento do Grao en Óptica e Optometría – curso 2019/2020. 2.- Aprobación, se procede, do Informe de Seguimento do Máster en Optometría – curso 2019/2020. 3.-Aprobación, se procede, do Plan Estratégico Ponte 2021/2022.
12/05/2021	1.-Aprobación, se procede, da Memoria de Calidade da Facultade de Óptica e Optometría – curso 2019/2020

A Xunta de Facultade debe aprobar o informe de resultados, o informe de seguimento e propostas de mellora do Sistema de Garantía de Calidade, así coma a memoria do título de grao e a proposta de accións de mellora. No curso 2020/2021, as datas de celebración de reunións da Xunta de Facultade, o tipo de sesión e a orde do día de cada unha de elas recóllense na seguinte táboa:

Reunións da Xunta de Facultade do curso 2020/2021	
Data e tipo de sesión	Orde do día
15/09/2020 Extraordinaria	1.- Aprobación, se procede, da Memoria de Calidade da Facultade de Óptica e Optometría do curso 2018/2019.. 2.- Protocolo da Facultade de Óptica e Optometría para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no presente curso académico 2020/2021.

<p>22/12/2020 Ordinaria</p>	<p>1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores. 2.- Informe da Sra. Decana. 3.- Emisión de informes para o recoñecemento de complementos por méritos docentes 2020 (quinquenios). 4.- Rolda aberta de intervencións.</p>
<p>11/02/2021 Ordinaria</p>	<p>1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores. 2.- Informe da Sra. decana. 3. - Organización da docencia para o 2º semestre – curso 2020/2021. 4. - Aprobación, se procede, da oferta de prazas do Grao en Óptica e Optometría para o curso 2021/2022. 5. - Aprobación, se procede, da oferta de prazas do Máster en Optometría para o curso 2021/2022. 6. - Aprobación, se procede, do PDA do Grao en Óptica e Optometría, para o curso 2021/2022. 7. - Aprobación, se procede, do PDA do Máster en Optometría, para o curso 2021/2022.</p>
<p>08/04/2021 Extraordinaria</p>	<p>1.- Aprobación, se procede, dos horarios, calendario de exames, calendario de Prácticas Tuteladas e Calendario de TFG do Grao en Óptica e Optometría – curso 2021/2022. 2.- Aprobación, se procede, dos horarios, calendario de exames, calendario de Prácticas Externas e Calendario de TFM do Máster en Optometría – curso 2021/2022.</p>
<p>16/04/2021 Extraordinaria</p>	<p>1.- Aprobación, se procede, do Informe de Seguimento do Grao en Óptica e Optometría – curso 2019/2020. 2. - Aprobación, se procede, do Informe de Seguimento do Máster en Optometría – curso 2019/2020. 3. - Aprobación, se procede, do Plan Estratéxico Ponte 2021/2022. 4. - Aprobación, se procede, do novo itinerario do Dobre Grao en Farmacia e Grao en Óptica e Optometría.</p>
<p>11/06/2021 Extraordinaria</p>	<p>1.- Aprobación, se procede, da Memoria de Calidade da Facultade de Óptica e Optometría do curso 2019/2020. 2. - Aprobación, se procede, da programación docente das materias do curso 2021/2022.</p>
<p>27/07/201 Ordinaria</p>	<p>1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores. 2. - Informe da Sra. Decana. 3. - Renovación dos membros das Comisións delegadas da Xunta de Centro. 4. - Rolda aberta de intervencións.</p>

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratégico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Política de calidade

A Facultade de Óptica e Optometría é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu plan estratégico) a facultade elabora a súa política marcando como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade, como elemento clave e estratégico, para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese. Por todo iso, esta Facultade adquire o firme compromiso de garantir a calidade e establece a súa política baixo os principios de responsabilidade, integración, participación e igualdade, orientación ao alumnado, excelencia e transparencia.

Polo tanto, a dirección desta Facultade adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal o/a Decano/a subscribe este documento de política de calidade o día 11 de xullo de 2019. Este documento está dispoñible no seguinte enlace:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-optica-optometria/calidade/politica-calidade>

Plan Estratéxico.

O Plan estratéxico da Facultade de Óptica e Optometría divídese nas seguintes liñas estratéxicas:

- **Liña estratéxica 1: Fomentar a dimensión integral na educación.**
 - 1.1. Consolidar as metodoloxías innovadoras, como a aprendizaxe-servizo, orientando as aprendizaxes a dar solución a problemas sociais.
 - 1.2. Potenciar as competencias para a empregabilidade, adiantándose ás necesidades que a sociedade demande dos futuros profesionais.
 - 1.3. Promover a calidade da docencia.
 - 1.4. Diploma Europeo en Optometría.
- **Liña estratéxica 2: Achegar a administración universitaria e os seus servizos ao estudantado.**
 - 2.1. Facilitar a comunicación da Universidade co estudantado.
 - 2.2. Mellora das liñas de información.
- **Liña estratéxica 3: Transformar o modelo de xestión da calidade.**
 - 3.1. Poñer a mellora do proceso docente no centro da xestión da calidade, alixeirando a carga administrativa e simplificando a xestión dos procedementos.
 - 3.2. Reforzar os aspectos relacionados co desenvolvemento social e a empregabilidade dos egresados
- **Liña estratéxica 4: Fomentar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.**
 - 4.1. Atinxir unha conciliación da vida laboral, familiar e persoal.
- **Liña estratéxica 5: Impulsar o proxecto cultural da usc como un espazo de innovación e creación que sitúe á universidade na vangarda.**
 - 5.1. Asistencia Atención Primaria da Visión á sociedade.
- **Liña estratéxica 6: Profundizar na cultura da transparencia.**
 - 6.1. Mellorar a presentación da información institucional.
- **Liña estratéxica 7: Consolidar a oferta dos estudos propios.**
 - 7.1. Converter a Universidade nun referente para a formación continua.
- **Liña estratéxica 8: Potenciar a mobilidade das persoas.**
 - 8.1. Favorecer a mobilidade de estudantado, PDI e PAS.
- **Liña estratéxica 9: Potenciar a comunicación da usc cara o exterior.**
 - 9.1. Difusión da cultura profesional.
- **Liña estratéxica 10: Investigación estratéxica.**
 - 10.1. Promocionar a investigación do centro.
- **Liña estratéxica 11: Optimizar o uso das infraestructuras.**
 - 11.1. Adecuar os espazos docentes ás necesidades actuais do estudantado.
- **Liña estratéxica 12: Procurar unha maior suficiencia e xestión eficiente dos recursos económicos.**
 - 12.1. Garantir a eficiencia na xestión dos recursos. Administración eficaz e eficiente.
 - 12.2. Implantar programas de captación de recursos procedentes do mecenado.

A continuación detállase a evolución e grao de cumprimento dos obxectivos e liñas de actuación contempladas en cada unha das liñas estratéxicas

Liña estratéxica 1: Fomentar a dimensión integral na educación.

A Facultade de Óptica e Optometría promove e apoia a implementación da metodoloxía docente de Aprendizaxe-Servizo (ApS), tanto para o Grao en Óptica e Optometría como no Máster en Optometría.

Deste xeito, a facultade conta con tres proxectos ApS orientados ao cribaxe visual de colectivos específicos, nenos e mozos sen cobertura sanitaria, maiores en residencias, e nenos/as na contorna educativa, incluíndo nenos/as con necesidades especiais. Ademais o alumnado realiza as prácticas nun ambiente diferente, en pisos de día ou casas de acollida de nenos/as cunha situación social comprometida, en residencias de anciáns ou en colexios. Desta forma, os estudantes teñen a oportunidade de atender a pacientes de distintas tipoloxías e situación social, o que mellora as súas competencias específicas e transversais. Para a realización destes proxectos, establecéronse convenios con varias entidades colaboradoras.

A Facultade de Óptica e Optometría conta co Plan de Acción Titorial (PAT), consistente nun conxunto ordenado de accións para guiar, orientar e acompañar ao alumnado durante os seus estudos universitarios. Dento deste tipo de accións infórmase e oriéntase sobre as saídas profesionais, onde se invita ao Colexio de Ópticos-Optometristas de Galicia dentro dunhas conferencias programadas. Ademais, pónse en coñecemento do alumnado da Área de Orientación Laboral da USC. Neste sentido, a páxina web da facultade conta cunha bolsa de traballo onde os egresados poden consultar a oferta. Finalmente, tamén se informa da oferta de formación de posgrao.

En relación ás guías docentes, no curso 2018-19 comezouse co proceso de implantación do modelo de guía docente, no que se publicaron as guías das materias de primeiro curso do Grao en Óptica e Optometría. Non obstante, esta acción non se puido rematar neste curso, sobre todo polas complicacións derivadas da crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, onde os cambios de sistema de docencia e avaliación dificultaron poder rematala. Polo tanto, esta acción seguirá activa ata completar a implantación das guías en todos os cursos do Grao e no Máster.

Con respecto á organización académica, sinalar que a mellora da coordinación vertical e horizontal do centro estase a realizar a través de reunións periódicas dos coordinadores de cada curso académico do Grao coa coordinación do Máster e da posta en marcha do sistema de programacións docentes das materias.

Analizando os resultados de aprendizaxe das materias dos dous títulos que se imparten nesta facultade, en xeral, obsérvase unha boa taxa de rendemento e de éxito, onde todas as materias do máster no curso 2020-21 obtiveron unha taxa de éxito do 100%, mentres que no grao todas as materias, excepto 5 obtiveron unha taxa de éxito maior do 80%. Segue existindo esta problemática das baixas taxas de rendemento e éxito destas materias, o cal deberá abordarse en próximas Comisións de Título, pidindo informe a os profesores implicados que poderían ser invitados a asistir; con posterior informe a departamentos implicados e á Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa da USC. Máis información deste punto detállase na directriz 3 desta memoria.

Dentro do plan estratéxico cabe citar a necesidade de que o alumnado teña práctica clínica con pacientes externos para que o grao se adapte aos criterios do Diploma Europeo en Optometría. Este diploma, establecido polo European Council of Optometry and Optics (ECOO) proporciona unha cualificación axeitada para a práctica clínica optométrica. Co fin de acreditarse ao Diploma Europeo é necesario rexistrar a experiencia clínica nun “portafolio” deseñado polo ECOO, no que se evidencia o número e tipo de pacientes vistos. Deste xeito cada alumno/a pode acreditar a súa experiencia clínica supervisada, así como evidenciar a realidade sobre as características de dita práctica en canto ao tipo de paciente, problema visual, etc. Na titulación véñse incorporando o uso do portafolio nas materias que se imparten no Servizo de Optometría, onde o profesorado da materia promove que o alumnado faga ese seguimento. Neste sentido estableceuse unha acción de mellora para completar a implementación do portafolio de práctica clínica que aínda hai que rematar. Ata o de agora, o profesorado das materias clínicas, distribúe e esixe ao alumnado cubrir o portafolio a través dun arquivo da aula virtual da materia que corresponda, que unha vez analizado e validado polo profesorado, queda como evidencia para unha posible acreditación do título polo ECOO. Queda pendente desenvolver e implementar un sistema de

certificación do portafolio para cada estudante.

Liña estratéxica 2: Achegar a administración universitaria e os seus servizos ao estudiantado.

Dende a facultade elaboráronse enquisas propias do centro para examinar a satisfacción da docencia recibida do Grao en Óptica e Optometría e o Máster en Optometría. Estas enquisas, adaptadas ás características das materias, están dirixidas ao análise da adquisición das competencias do título que non figuran nas enquisas distribuídas pola Área de Calidade. Foron aprobadas no curso 2019-20 con dous modelos unificados, un para as materias clínicas e outro para o resto das materias do grao. Sen embargo, neste curso non se puideron realizar as enquisas propias, debido a que estaba pendente o proceso de validación das mesmas dende a Secretaría Xeral.

Con respecto ás Prácticas Tuteladas do grao e ás Prácticas Externas do máster, na páxina web da facultade recóllese toda a información relativa ás mesmas:

(<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-optica-optometria/practicass-tuteladasexternas>)

Esto inclúe a normativa que as rixe, o calendario, a guía de elaboración da memoria de prácticas tuteladas/externas e os formularios necesarios para os titores externos e o alumnado. Máis información deste aspecto recóllese na directriz 3 desta memoria.

En relación á comunicación e ás liñas de información, hai que salientar que a mellora da coordinación vertical e horizontal do centro estase a realizar a través de reunións periódicas de coordinación tanto no grao como no master e da posta en marcha do sistema de programacións docentes das materias.

Dende a súa implantación, no Grao en Óptica e Optometría existe a figura de coordinador/a do Grao e coordinadores/as de curso, que se reúnen periódicamente para analizar as posibles incidencias na docencia da titulación, así como tratar temas como a revisión das programacións das materias de cara ao seguinte curso académico.

O máster tamén conta con mecanismos de coordinación para garantir o bo desenvolvemento da docencia. Existe a figura de coordinador/a do Máster, que se reúne de forma periódica cos coordinadores das materias e co alumnado, para analizar as posibles incidencias na docencia e tratar temas como a revisión das programacións das materias.

En xeral, as reunións de coordinación lévanse a cabo cada vez que son pertinentes, aínda que a programación das mesmas teñen como referencia as datas esenciais para o transcurso do programa formativo, tal como marca o calendario académico da USC (inicio e finalización o período docente, composición tribunais TFG/TFM, reclamacións, etc.). Da directriz 2 deste informe indícase máis información en relación á coordinación dos títulos que se imparten no centro.

En relación á taxa de abandono, pódese afirmar que afecta mínimamente aos dous títulos. De feito, a taxa de abandono do Grao en Óptica e Optometría no curso 2020-21 foi dun 15.09%, sendo o segundo valor mais baixo dende o ano 2015, alcanzando o valor establecido na memoria do título. No caso do Máster en Optometría, non houbo ningún abandono, o que supón unha boa conservación do alumnado nos dous títulos.

Liña estratéxica 3: Transformar o modelo de xestión da calidade.

Tal como se indica ao inicio desta directriz a Facultade de Óptica e Optometría conta cunha Política de Calidade onde se definen os obxectivos. Esta información recóllese no seguinte enlace:

(<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-optica-optometria/calidade/politica-calidade>)

En relación ao Plan Estratéxico, afondando no seu compromiso coa Calidade, a Facultade de Óptica e Optometría elaborou, durante o curso 2014/2015 o seu Plan Estratéxico e a Programación Plurianual (aprobados ambos pola Comisión delegada do Consello de Goberno na súa sesión do 12/07/2015) necesarios para poder

acadar os obxectivos de calidade establecidos para o período 2014-2018. A posta en marcha de todos os procesos e procedementos establecidos no SGIC permitiu superar no curso 2015/2016 a renovación da acreditación da titulación do Grao en Óptica e Optometría. Asemade, no curso 2018-19 houbo que ampliar as datas do Plan Estratéxico da Facultade ata o ano 2020, e durante o curso 2019-20 este plan pasou por outra modificación. Isto foi motivado debido a que a USC aprobou un novo Plan Estratéxico, polo que todos os centros, cuxos Plans Estratéxicos tiñan vixencia ata o ano 2020, debían amplialos ata o ano 2022 e así adaptarse ao plan da USC. Para iso, e seguindo o procedemento recomendado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, prorrogouse o Plan Estratéxico da Facultade de Óptica e Optometría ata o ano 2022, adecuando as súas accións aos eixes, liñas e obxectivos marcados na programación plurianual da USC. O 16 abril de 2021 enviouse á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos a proposta do Plan Estratéxico, previamente aprobado pola Comisión de Calidade (15/04/2021) e pola Xunta de Goberno da Facultade (16/04/2021), recibindo un informe favorable o 22 de abril de 2021.

Dende a Faculte existen convenios con asociacións para facer prácticas dentro dos programas ApS (ver máis información na directriz 5 desta memoria), aínda que estase aumentando os convenios con novas asociacións. En relación á relación cos colexios profesionais, dende a facultade existe unha estreita relación co Colexio de Ópticos Optometristas de Galicia, o cal ten un conveio coa facultade para a elaboración das Prácticas Tuteladas do grao. Ademais, tamén colabora nas conferencias das saídas profesionais dentro das accións do PAT.

Queda pendente establecer novas actividades e promover xornadas de formación para egresados, así como promover a asociación de antigos/as alumnos/as da facultade.

Liña estratéxica 4: Fomentar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

É importante coñecer a carga real de traballo das titulacións que se imparten da facultade. Para iso deseñáronse enquisas ao alumando e profesorado para saber a carga real soportada nas devanditas titulacións. Sen embargo, esta acción non se puido implementar porque estaba pendente do proceso de validación das enquisas propias.

Liña estratéxica 5: Impulsar o proxecto cultural da usc como un espazo de innovación e creación que sitúe á universidade na vangarda.

Dentro do plan estratéxico, cabe citar a asistencia de atención primaria da visión, como un aspecto importante da titulación. Esta compoñente asistencial faise a través do Servizo de Optometría, centro anexo á propia Facultade, que actúa como Clínica Universitaria para ofrecer docencia práctica clínica ao alumnado con pacientes externos, facendo deste xeito unha prestación de servizos asistenciais en atención primaria visual. Na última Avaliación para a Renovación da Acreditación, a ACSUG situou o Servizo de Optometría como o eixo da formación que se ofrece ao alumnado, co fin de que estes adquiran as competencias clínicas relacionadas co seu futuro profesional. Segundo os Informes do Servizo de Optometría, No curso 2020/21 acadouse o maior número de pacientes atendidos dende a implantación do título (986 pacientes), o que establece esta tendencia ascendente en relación aos últimos anos. Hai que indicar que a pesar das medidas implantadas para garantir unha docencia presencial segura da Covid-19, non só se recuperou o volumen de pacientes atendidos antes da pandemia, se non que se superou. É esencial aumentar o número de pacientes vistos polos estudantes do grao para adaptarse aos criterios do Diploma Europeo en Optometría.

Hai que salientar que tamén se estableceron convenios para a realización de prácticas dentro de proxectos de Aprendizaxe Servizo (ApS) para a atención de pacientes de distintas tipoloxías e situación social. Non obstante, aínda queda pendente establecer convenios de colaboración con diferentes entidades así coma establecer un convenio de colaboración co SERGAS para atención primaria en visión.

Liña estratéxica 6: Profundizar na cultura da transparencia.

A Facultade de Óptica e Optometría dispón da súa propia páxina web na que se pode atopar toda a información relativa ao centro, ao Grao de Óptica e Optometría e ao Máster en Optometría, onde se recolle a información relacionada cos plans de estudos, obxectivos, contidos e a avaliación das competencias adquiridas polo alumnado. Inclúese tamén información relevante da Facultade, tal como o equipo de goberno e os órganos colexiados, a guía do alumnado no referente a horarios e datas de exames, a normativa da facultade e un apartado de calidade onde se mostran os informes de seguimento, acreditación e plans de mellora do título e do centro. Hai que salientar que no curso 2020-21, todas as páxinas web dos centros da USC tiveron unha modificación estrutural, co fin de mellorar e facilitar a súa presentación. Como novidade, implantouse a creación de dúas modalidades; unha páxina web xenérica, no que calquera pode acceder, onde figura información dos títulos para calquera persoa de fóra da comunidade universitaria. Pola outra banda, dispónse dunha páxina web “*intranet*” onde só ten acceso os membros da comunidade universitaria, adicada á información específica dos títulos. A Facultade de Óptica e Optometría adaptouse a este novo formato, mellorando a súa presentación e facilitando o plan de comunicación interno e externo. Toda esta información está debidamente ordenada na páxina web. O seu enderezo é:

<https://www.usc.gal/gl/centros/opto/presentacion2.html>

Liña estratéxica 7: Consolidar a oferta dos estudos propios.

Dende a Facultade de Óptica e Optometría impártese formación extracurricular ao alumnado do centro, dentro do PAT, onde ao longo do curso organizanse conferencias/charlas, que poñan en contacto aos estudantes co ámbito profesional e empresarial do sector, así como charlas de contido científico. Seguindo esta liña, hai que estender estas conferencias aos egresados, de xeito que se faga promoción da actividades de formación continuada.

As actividades de difusión que se fixeron neste curso foron as seguintes:

- **27/11/2020** – Xornada Informativa Programas de mobilidade estudiantil. Erasmus. Impartido pola decana, a responsable académica de mobilidade e a responsable da unidade de xestión. Actividade non presencial por TEAMS.
- **21/11/2020** – Charla-coloquio organizada pola empresa Topcon. Control da miopía, topografía e análise de ollo seco: utilidade do equipo MYAH. Actividades Formativas Extracurriculares en Óptica e Optometría.. Actividade non presencial por TEAMS. 13:00 a 14:00 h.
- **07/12/2020** – Charla informativa do Prácticas Tuteladas. Organizada polo decanato da Facultade de Óptica e Optometría. Actividade non presencial por TEAMS. 11:00 a 12:00 h
- **07/12/2020** – Charla informativa do Traballo Fin de Grao. Organizada polo decanato da Facultade de Óptica e Optometría. Actividade non presencial por TEAMS. 11:00 a 12:00 h
- **12/02/2021** – Charla informativa do Traballo Fin de Máster. Organizada polo decanato da Facultade de Óptica e Optometría. Actividade non presencial por TEAMS. 12:00 h
- **12/02/2021** – Charla informativa do Prácticas Externas do Máster. Organizada polo decanato da Facultade de Óptica e Optometría. Actividade non presencial por TEAMS. 12:00 h
- **25/02/2021** – Xornada de Orientación para o alumnado 4º curso. Organizadas polo Decanato da Facultade de Óptica e Optometría. Participaron a Decana da Facultade, o Presidente do Colexio de

Ópticos-Optometristas de Galicia e a asociación de antigos alumnos de USC Alumni-USC. Actividade non presencial por TEAMS. 13:00 h.

- **10/03/2021** – II Workshop de Contactoloxía Futuróptico Dirixido a estudantes de grao e postgrao das diferentes facultades de Óptica e Optometría de España. Organizado por Alcon. Actividade non presencial.
- **08/04/2021** – Adaptación de lentes progresivas. Actividades Formativas Extracurriculares en Óptica e Optometría. Materia Óptica Oftálmica. Colaboración coa empresa Essilor. Actividade non presencial por TEAMS.
- **22/04/2021** – O mercado laboral para o graduado en Óptica e Optometría. Materia Óptica Oftálmica. Colaboración coa empresa Essilor. Actividade non presencial por TEAMS.
- **06/05/2021** – A atención ao público no establecemento de óptica. Materia Óptica Oftálmica. Colaboración coa empresa Essilor. Actividade non presencial por TEAMS.

Liña estratéxica 8: Potenciar a mobilidade das persoas.

En relación aos Programas de mobilidade, a Facultade de Óptica e Optometría mantén os convenios establecidos dende o Decanato xunto coa responsable académica de mobilidade con varias universidades nacionais e estranxeiras. Actualmente, para a mobilidade do alumnado, a facultade ten convenio con 9 universidades para o programa SICUE e 7 universidades para o programa ERASMUS. Sen embargo, é necesario potenciar a mobilidade do profesorado.

Na páxina web do centro atópase toda a información detallada dos programas de mobilidade: (<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-optica-optometria/movilidad>)
Na directriz 3 desta memoria detállase máis información deste aspecto.

A facultade de Óptica e Optometría conta cun perfil nas redes sociais twitter (<https://twitter.com/FooUsc>) e instagram (https://www.instagram.com/opticaeoptometria_usc/), no que publica información relevante ás titulacións que nela se imparten. Estas contas están en coordinación coa política xeral de comunicación da USC.

Liña estratéxica 9: Potenciar a comunicación da usc cara o exterior.

A Facultade de Óptica e Optometría forma parte do programa “*A Ponte entre o Ensino Medio e a USC*”, que está dirixido a informar da oferta académica e o contexto investigador, social, cultural e espacial a USC a os estudantes de Ensinanza secundaria e bacharelato.

Cada ano elabóranse unha guía e un díptico sobre o Grao en Óptica e Optometría e o Máster en Optometría, que se pode descargar directamente da páxina web. O díptico do grao faise chegar a todos os centros de ensinanza secundaria e bacharelato de Galicia a través dun correo electrónico aos/as orientadores/as, ou que se entregan naqueles centros que se visitan dentro do Programa “A Ponte”. Pola outra banda o díptico do máster faise chegar a todas as universidades e delegacións dos colexios profesionais a través dun correo electrónico para que informen aos egresados.

Dende a facultade trátase de potenciar as accións divulgativas relacionados coas titulacións que nela se imparten. Dentro das actividades de divulgación, no curso 2020-21 fixéronse as seguintes actividades, que tiveron que ser virtuais debido á pandemia da COVID-19: :

- *Día da violencia de xénero*: fíxose difusión a través da páxina web do centro e nas redes sociais dun cartel informativo deste día deseñado pola presidenta da Comisión de Xénero.

- *Día mundial da visión e día da optometría:* coa implicación do alumnado fíxose un cartel e vídeos informativos que gravaron os alumnos/as do máster e grao para colgar na páxina web. Tamén se realizaron nese día unha reunión pola plataforma telemática TEAMS onde o alumnado que participaba estaban conectados para informar da profesión.
- *Día da Patroa da Facultade:* o alumnado do grao gravou un vídeo onde felicitaban aos profesionais Ópticos-Optometristas no día da súa patroa e subiuse na páxina web do centro e en redes sociais.

Liña estratéxica 10: Investigación estratéxica

O Máster en Optometría continúa co seu desenvolvemento dende a súa implantación, no curso 2018-19. Isto supuso superar unha debilidade importante, polo que o alumnado da Facultade de Óptica e Optometría xa podía dar continuación aos estudos sen necesidade de cursar o segundo e terceiro ciclo noutras universidades ou comunidades autónomas. Hai que salientar que isto segue sendo o punto de partida de cara á instauración dun programa de doutoramento, tal como se evidencia no aumento de alumnos/as do máster que comezaron o doutoramento ou están interesados/as en facelo.

Queda pendente facer accións de divulgación da investigación do centro entre o alumnado e fomentar a participación con outros equipos.

Liña estratéxica 11: Optimizar o uso das infraestruturas.

Dende a Facultade trátase de adecuar os espazos docentes ás necesidades actuais do estudantado. De feito, isto tivo especial relevancia con motivo da adaptación á docencia semipresencial derivada da Covid-19.

Debido ás características da crise sanitaria motivada pola Covid-19, a distribución dos espazos condicionou a docencia para o curso 2020-21. Establecida a necesidade da docencia semipresencial, enviouse un correo a todo o profesorado dende a Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servicios e Espazos da facultade, para coñecer as necesidades de medidas concretas que puideran requirir algunhas materias para o desenvolvemento da docencia. Organizáronse as aulas e laboratorios/gabinetes de prácticas para garantir unha distancia mínima de seguridade e instaláronse mamparas onde foi necesario. Dende o Servizo de Prevención de Riscos da USC revisouse o sistema de ventilación de cada aula e laboratorio/gabinete de prácticas para garantir que era o axeitado e todos os espazos contaban con material de desinfección.

Para garantir a docencia non presencial síncrona, dende a Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións da USC, subministrouse instalouse equipamento informático e audiovisual.

En relación ao Servizo de Optometría, tal como estaba inicialmente configurada a distribución dos espazos, non era posible impartir de forma segura a docencia clínica no mesmo, xa que supoñía utilizar un espazo funcional de 46,65 m² sen ventás nin ventilación para impartir 2154 horas de docencia entre o grao e o máster. Isto demandou unha solución urxente, tendo en conta que era o lugar onde se realizaban as prácticas clínicas atendendo aos pacientes. Polo tanto, iniciouse unha obra onde se incrementaron as dependencias do Servizo de Optometría dotándoo con 2 novos gabinetes e unha na sala de probas especiais con dimensións e ventilación axeitadas para garantir unha docencia segura fronte á Covid-19, o que permitiu impartir o 100% da docencia clínica. Na directriz 5 desta memoria hai máis información detallada (ver máis información na directriz 5).

Liña estratéxica 12: Procurar unha maior suficiencia e xestión eficiente dos recursos económicos.

A Facultade conta coas infraestruturas necesarias para impartir a docencia do grao e do máster. Anualmente, ábrese un prazo de solicitudes de material de prácticas para o profesorado e as súas propostas son analizadas e priorizadas pola Comisión de Asuntos Económicos do centro. Dende o ano 2018 séguense uns criterios de reparto do orzamento baseándose nas horas de docencia práctica, número de alumnos/as

e número de grupos de prácticas. Estes criterios aplícanse a cada materia, organizándose a súa vez polos espazos onde se realizan as prácticas.

Nun centro cun elevado número de horas prácticas, tanto clínica como non clínica, o mantemento e a actualización dos laboratorios é unha parte fundamental para o correcto desenvolvemento da docencia. Debido a iso, o Decanato púxose en contacto con varias empresas do sector para establecer unha colaboración de préstamo de equipos e así facilitar a docencia. Para iso firmáronse convenios coas devanditas empresas.

A importancia do Servizo de Optometría, dos gabinetes de Optometría e Contactoloxía na consecución das competencias específicas da titulación, fan necesario elaborar anualmente un estudo das necesidades de renovación dos equipos e dun plan de continxencia.

Actualmente estase buscando outras fórmulas de reposición do material docente, a modo de préstamo ou “renting” de xeito que permita facer a actualización do material inventariable con menor custo.

Evolución do proceso do Plan de Melloras.

En relación á evolución do proceso de elaboración, desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do centro, hai que salientar que para o curso 2020/2021 o plan de melloras proposto compría dez accións de mellora derivadas dos autoinformes de seguimento do Grao e o Máster, onde catro das accións de mellora eran as mesmas para as dúas titulacións. Hai que salientar que debido á situación da Covid-19 houbo a necesidade de dirixir a maioría dos recursos na organización da docencia non semipresencial e a modificación das programacións docentes, polo dificultaron o remate das accións de mellora.

- **AM-1 (Grao).** Estudo e diagnose dos axustes necesarios na planificación docente da titulación e dos recursos humanos da área de Optometría óptimos para impartila.
- **AM-1 (Máster).** Estudo e diagnose dos axustes necesarios na planificación docente da titulación e dos recursos humanos da área de Optometría óptimos para impartila.

Aínda que se cubren todas as horas de docencia, segundo están establecidas na memoria verificada do título do grao e máster, compre salientar que segue a haber necesidades de profesorado con capacitación profesional para acadar os niveis de docencia práctica esixidos para a obtención do Diploma Europeo do Título. Neste curso comezáronse a recuperar as horas prácticas clínicas que foron, no seu día, substituídas por horas de docencia interactiva de seminarios, nas materias mais especializadas e profesionalizantes do Grao. Segue pendente a recuperación das restantes horas, de forma progresiva, para adecuarse á memoria do grao (máis información na directriz 4 desta memoria).

- **AM-2 (Grao).** Elaboración e implantación dun modelo de guía docente xeral para o grao e a súa particularización para cada materia e modificación da memoria vixente do título.
- **AM-2 (Máster).** Elaboración e implantación dun modelo de guía docente xeral para o grao e a súa particularización para cada materia e modificación da memoria vixente do título.

Continúase coa implementación das guías docentes de maneira progresiva.

- **AM-3 (Grao).** Análise do estado do material docente e establecemento de criterios para a súa renovación.
- **AM-3 (Máster).** Análise do estado do material docente e establecemento de criterios para a súa renovación.

A Facultade conta coas infraestruturas necesarias para impartir a docencia do Grao e o Máster. O presuposto do centro fixo necesario o desenvolvemento dun procedemento de priorización do gasto. Anualmente o Decanato abre un prazo de solicitudes de material de prácticas para o

profesorado e as súas propostas son analizadas e priorizadas pola Comisión de Asuntos Económicos do Centro. Dende o ano 2018 séguense un criterios de reparto do orzamento baseándose nas horas de docencia práctica, número de alumnos/as e número de grupos de prácticas. Estes criterios aplícanse a cada materia, organizándose a súa vez polos espazos onde se realizan as prácticas, o que permite ir repoñendo e ou dotando dos equipos actualizados na medida que a limitación do presuposto o faga posible. Ademais da adquisición do material necesario para as prácticas, neste curso académico, adquiriuse material multimedia (cámara e micrófono) para garantir as reunións semipresenciais.

Xa se finalizou o análise e se estableceron os criterios para a súa renovación, polo tanto, dase por rematada dita acción.

- **AM-4 (Grao).** Realizar un seguimento da taxa de abandono do título, adoptando as medidas necesarias en función dos resultados dese estudo.

En relación á taxa de abandono, pódese afirmar que afecta mínimamente aos dous títulos. De feito, a taxa de abandono do Grao en Óptica e Optometría no curso 2020-21 foi dun 15.09%, sendo o segundo valor mais baixo dende o ano 2015, alcanzando o valor establecido na memoria do título. No caso do Máster en Optometría, non houbo ningún abandono, o que supón unha boa conservación do alumnado nos dous títulos, polo tanto, dáse por finalizada dita acción.

- **AM-5 (Grao).** Elaboración e implantación do portafolio de práctica clínica nas materias que se imparten no Servicio de Optometría.

O Diploma Europeo en Optometría, establecido polo European Council of Optometry and Optics (ECOO), proporciona una cualificación axeitada para a práctica clínica optométrica. Para a acreditación do Diploma Europeo é necesario rexistrar a experiencia clínica nun "portafolio" deseñado polo ECOO, no que se evidencia o número e tipo de pacientes vistos. Nesta titulación véñse incorporando o uso de portafolio nas materias que se imparten no Servizo de Optometría, onde o profesorado da materia promove que o alumnado faga ese seguimento. Neste sentido estableceuse unha acción de Mellora para completar a implementación do portafolio. Esta acción de mellora hai que continuala no vindeiro curso para completar a súa implementación.

- **AM-6 (Grao).** Implantar medidas para incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción.
- **AM-6 (Máster).** Implantar medidas para incrementar a participación dos grupos de interese nas enquisas de satisfacción.

Ainda que se implementaron medidas para incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción da docencia recibida, é necesario continuar reforzándoa. Do mesmo xeito débese mellorar a participación nos restantes grupos de interese, así como nas enquisas de satisfacción da titulación, na que a participación é máis baixa.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Programas formativos.

O actual programa formativo das titulacións do Grao en Óptica e Optometría e do Máster en Optometría correspóndese con cada memoria verificada, e no caso do Grao, cas posteriores modificacións da mesma que foron incorporadas nos informes de seguimento, o que garante a adquisición por parte do alumnado das competencias recollidas nela.

Actualmente na páxina web da facultade indícase o programa de cada materia, do Grao e do Máster, onde se mostran os obxectivos da mesma, os contidos xerais, a bibliografía recomendada, así como as competencias que o alumnado debe adquirir. Tamén se inclúe información xeral da metodoloxía da ensinanza xunto co sistema de avaliación. Toda esa información está dispoñible nos seguinte vínculos:

- Grao: <https://www.usc.gal/es/estudios/grados/ciencias-salud/grado-optica-optometria>
- Máster: <https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/ciencias-salud/master-universitario-optometria>

Con respecto ao Grao en Óptica e Optometría, a media de alumnos matriculados en materias de formación básica e obrigatorias por grupo de teoría (IN55G) neste curso foi de 58,18, lixeiramente inferior á do curso 2019-20 (60,06). En relación ás materias optativas, a media de alumnos matriculados por grupo de teoría (IN56G) desde curso (21,27) foi superior ao do curso 2019-20 (17,42). Con estes datos pódese dicir que o tamaño dos grupos das clases de teoría son moi reducidos, o que permite unha maior interacción entre o profesorado e o alumnado.

En relación ao número de alumnos/as por grupo de docencia interactiva, indicar que neste curso a media foi de 16,25 alumnos/as por grupo tal como ven dado polo indicador IN32G. Sinalar que no Grao temos grupos de docencia interactiva de prácticas con módulo de 20, 10 e 5 alumnos/as dependendo do carácter non clínico, preclínico ou clínico das materias. Na táboa 1 móstrase a evolución deste indicador dende o curso 2013-14 segundo o tipo de docencia interactiva:

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grupos clínicos	7,36	7,34	8,31	7,39	6,98	7,58
Grupos de laboratorio	23,23	18,96	23,08	19,39	18,19	18,17
Grupos de seminario	32,46	30,58	30,72	30,39	27,97	28,77
Total	18,51	17,00	18,70	16,90	15,79	16,25

Táboa 1. Media de alumnos/as por grupo de docencia interactiva (IN32G)

Pódese afirmar que o número de alumnos/as nos grupos de interactivas mantén unha tendencia similar nos últimos cuross. En relación ao curso pasado, apréciase un lixeiro aumento dos grupos clínicos e de seminarios e un número practicamente similar para os grupos de laboratorio.

Obsérvase que en relación aos grupos clínicos, no Grao en Óptica e Optometría hai materias preclínicas que teñen grupos de 10 alumnos/as, mentres que as materias clínicas impartidas no Servizo de Optometría, onde se examinan a pacientes, os grupos están formados por 5 alumnos/as, sendo este o número máximo desexable para unha correcta docencia deste tipo. Polo tanto este indicador volveuse calcular separando as materias preclínicas das clínicas, obtendo un valor de 10,29 alumnos/as por grupo de docencia interactiva para as materias preclínicas e un valor de 5,4 alumnos/as por grupo de docencia interactiva para as materias clínicas.

En canto ao curso ponte, deixouse de impartirse no curso 2018-19 segundo o acordado na Xunta de Facultade do 30 de xaneiro de 2018, e segundo a normativa, o último curso con dereito á avaliación das materias pendentes foi o curso 2019-20. Sen embargo, ante a solicitude dunha estudante que tiña pendente a materia TFG pendente, autorizouse a súa matrícula no curso 2020/21.

Con respecto ao Máster en Optometría, a media de alumnos matriculados en materias obrigatorias por grupo de expositivas (IN55M) foi de 18,33, superior á obtida no curso 2019-20 (7,5). Pola outra banda, a media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de expositivas foi de 8,47, tamén superior á do curso anterior (3,47). O aumento de alumnado por grupos está claramente relacionado co maior número de matriculados/as neste curso. De tódolos xeitos, o número de alumnos/as por grupo, son axeitados para o correcto desenvolvemento da docencia.

Procedementos de coordinación.

Nesta Facultade realízanse procedementos de coordinación para a revisión dos programas formativos das titulacións que nela se imparten. De feito, dende a súa implantación, no Grao en Óptica e Optometría existe a figura de coordinador/a do grao e coordinadores/as de curso, que se reúnen periódicamente para analizar as posibles incidencias na docencia da titulación, así como tratar temas como a revisión das programacións das materias de cara ao seguinte curso académico.

O Máster tamén conta con mecanismos de coordinación para garantir o bo desenvolvemento da docencia. Existe a figura de coordinador/a do Máster, que se reúne de forma periódica cos coordinadores das materias e co alumnado, para analizar as posibles incidencias na docencia e tratar temas como a revisión das programacións das materias. En xeral, as reunións de coordinación lévanse a cabo cada vez que son pertinentes, aínda que a programación das mesmas teñen como referencia as datas esenciais para o transcurso do programa formativo, tal como marca o calendario académico da USC (inicio e finalización o período docente, composición tribunais TFM, reclamacións, etc.).

É importante sinalar que neste curso houbo que adaptar a docencia presencial á pandemia Covid-19. Deste xeito, a USC estableceu unhas bases e directrices para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura, onde se definiron tres escenarios posibles en relación coa evolución da pandemia. Os distintos plans docentes debíanse adaptar a estes escenarios, segundo o alumnado matriculado e ás instalacións e espazos de cada centro. De conformidade a isto, todas as materias do curso 2020-21 engadiron os escenarios nas

súas programacións académicas, de xeito que a docencia adaptárase a un deles segundo a evolución da pandemia. Estes tres escenarios eran os seguintes:

- **Escenario 1: normalidade adaptada.**

A docencia na aula (expositiva e seminarios) era de carácter presencial, mentres que a docencia de prácticas era semipresencial.

- **Escenario 2: distanciamento, restricións parciais á presencialidade física.**

Toda a docencia era semipresencial.

- **Escenario 3: peche das instalacións.**

Este escenario estaba en previsión dun novo confinamento da poboación, onde toda a docencia impartírase de forma virtual.

Dende o decanato, seguindo a normativa interna da USC, deseñouse un protocolo de actuación para a Facultade de Óptica e Optometría que establecía as condicións que debían reunir os espazos e instalacións do centro, as pautas de realización das actividades e as medidas de protección persoal, estando suxeitas a revisión en función das adaptacións do protocolo da USC segundo a evolución da pandemia. Partindo da base que a universidade estableceu o escenario 2 como escenario de actuación fronte á Covid-19, deseñouse o protocolo de actuación para a facultade, cuxas medidas foron expostas na Xunta de Facultade, reunida o 15 de setembro de 2020.

As medidas adoptadas para impartir a docencia do curso 2020-21 foron as seguintes:

- Docencia expositiva e interactiva de seminarios.

As medidas docentes establecéronse en relación ao número de alumnos/as nas distintas materias e ás capacidades das aulas, dando cumprimento a un distanciamento mínimo de 1.5 m. Deste xeito, estableceuse que a docencia expositiva e interactiva de seminarios de todas as materias se impartiría ao 50% ou 33% de presencialidade, dependendo do número de alumnos/as matriculados/as nas materias, e con rotación en quendas semanais. O alumnado non presente na aula asistiría á docencia en remoto, de maneira síncrona, mediante a plataforma Teams. Desta forma, os grupos de docencia expositiva se dividirían en dous grupos, mentres que para as materias cun número elevado de alumnos/as creouse un terceiro grupo para garantir unha docencia presencial segura. Estas medidas estarían suxeitas á evolución do curso e da asistencia do alumnado, polo que, se o profesorado o consideraba necesario, podería reorganizar os grupos presenciais.

- Docencia interactiva de prácticas.

O criterio de aplicación xeral que se adoptou foi o de impartir a docencia ao 50% de forma presencial, en quendas semanais, completando o contido práctico restante con contido virtual de forma asíncrona. Desta forma se preservaba a distancia de seguridade entre o alumnado. Sen embargo, naqueles casos onde as instalacións o permitían, poderíase flexibilizar este criterio, de forma que nalgúns materias se puidera impartir a docencia práctica cos grupos completos, polo que o alumnado recibiría o 100% das prácticas, mentres que noutras materias poderíase alcanzar entre o 60-70% das prácticas.

Os grupos de docencia foron configurados polo equipo decanal para coordinar todas as materias. A organización dos grupos seguiu o criterio de número de alumnos/as por materia, con fin de garantir que puidera asistir a una docencia presencial o máximo número de alumnos/as.

Tamén tívose que modificar a disposición das aulas no horario de expositivas e de prácticas para adaptalo a esta situación.

Finalmente, tendo en conta a normativa da USC, o protocolo da facultade tamén recollía medidas de protección fronte á Covid-19.

En relación ao Grao, e seguindo co establecido en na memoria do título, a coordinadora da titulación mantivo contacto cos/as profesores/as coordinadores de curso, os cales tamén o fixeron co profesorado

correspondente, coa finalidade de detectar ou coñecer posibles incidencias. Prestouse especial atención aos estudantes de primeiro curso, por ser o seu primeiro ano na universidade e tendo en conta a situación particular pola pandemia. Ademais, mantivéronse reunións co profesorado de cada curso para comprobar o desenvolvemento da docencia no curso 2020-21, así como varias reunións coa delegación de estudantes, formada polos estudantes representantes na Xunta de Facultade e delegados de curso. En xeral, a docencia desenvolveuse sen incidentes, sen embargo observouse pouca participación do alumnado cando recibía a docencia en remoto.

Cabe resaltar que dende a implantación do Dobre Grao en Farmacia e Óptica e Optometría fíxose necesaria unha coordinación para a elaboración dos horarios entre as dúas titulacións. No momento do deseño dos horarios lectivos do grao tense en conta ao alumnado do dobre grao, para o que se convocan reunións coa coordinadora do dobre grao co fin de que os horarios sexan o mais axeitados posible.

No curso 2020-21 houbo que diseñar un novo itinerario do dobre grao, debido a que tal como estaba configurado xeraba incompatibilidades para que o alumnado obtuviera bolsa de estudos. No itinerario que figuraba ata o de agora, o alumnado cursaba no 5º curso do dobre grao as Prácticas Tuteladas e o TFG correspondente ao Grao en Farmacia. Desta forma, dende o Ministerio de Educación, considerábase que ao superar os créditos do Grao en Farmacia o/a alumno/a perdería o dereito de obter unha bolsa de estudos. Pola outra banda, nalgúns cursos do dobre grao contaban cunha carga lectiva inferior ao mínimo de 60 créditos para poder solicitar esta bolsa. Para resolver esta problemática, que tamén se daba noutros dobres graos, reuníronse as coordinadoras do Grado en Óptica e Optometría e do Grao en Farmacia coa Vicerreitora de Organización Académica e a Secretaria Xeral, co fin de acordar o novo itinerario. Unha vez deseñado o novo itinerario do dobre grao, presentouse e aprobouse na Xunta de Facultade reunida o 15 de abril de 2021. Este novo itinerario supuso acortar o dobre grao a 6 años.

En relación ao Máster en Optometría, hai que salientar que estas medidas fronte á Covid-19 apenas afectaron ao seu desenvolvemento, principalmente porque este título xa ten un carácter semipresencial, onde o alumnado dispón dos materiais necesarios para seguir os contidos das clases de teoría e da maioría dos seminarios a través da aula virtual. Tan só houbo que limitar o aforo das prácticas presenciais naquelas materias que o requirían.

Perfil de ingreso.

Considerando o Grao en Óptica e Optometría, o curso 2020-21 supón o décimo ano despois da súa implantación. Aínda que na memoria do título está prevista a oferta de 80 prazas, estableceuse una oferta de 60 prazas (IN01G) de novo ingreso no primeiro curso. Isto foi debido ao insuficiente número de profesorado coa titulación de óptico-optometrista naquel momento, e co fin de darlle unha adecuación a os espazos dispoñibles e manter a súa reposición. Sen embargo, dende o curso 2017-18 esta oferta redúxose a 55 prazas debido á decisión de reservar 5 prazas para o Dobre Grao en Farmacia e Óptica e Optometría, o que se mantivo hata hoxe (táboa 2).

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
IN01	60,00	60,00	60,00	55,00	55,00	55,00	55,00

Táboa 2. Número de prazas ofertadas para cada curso académico (IN01)

Segundo os datos da CIUG (INF.CIUG), dos 55 alumnos/as matriculados/as no primeiro curso, 51 alumnos/as accederon dende o Bacharelato, 4 dende formación profesional e 1 da cota de titulados universitarios.

A procedencia do alumnado de nova matriculación era maioritariamente de Galicia (52 alumnos/as), sendo 22 alumnos/as procedentes de A Coruña, 20 de Pontevedra, 7 de Lugo e 3 da provincia de Ourense.

Tan só 1 alumno era doutra comunidade autónoma e 2 eran alumnos extranxeiros da Unión Europea.

Atendendo ás solicitudes, no curso 2020-21 o número de solicitudes de praza en primeiro de Grao foi de 2454, das cales 395 corresponderon a alumnos/as de bacharelato, 58 de Formación profesional, 3 a titulados universitarios, 1 a maiores de 25 anos, 3 deportistas e 1 a discapacitados/as. O 100% das prazas de novo ingreso foron ocupadas (INF.CIUG) na 4ª chamada. En relación ás preferencias do alumnado, o 21,4% dos matriculados escolleron o Grao en Óptica e Optometría como primeira opción, seguido dun 19,6% como segunda e un 21,4% como terceira e cuarta opcións. Na mesma liña, o indicador IN10G mostrou que a relación de estudantes preinscritos en 1ª opción e matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas era dun 21,8%, dato inferior aos cursos anteriores, que viña sendo maior do 40% dende o curso 2015-2016. Isto supón unha diminución desta tendencia, aínda que este grao conta cunha boa capacidade para captar alumnos/as e caracterízase por presentar un alto grao de vocación. Sen embargo débese revisar esta tendencia.

A taxa de ocupación (IN12G) do curso 2020-21 foi do 100 %, o que indica unha boa captación do alumnado. Por outra banda, a nota media de acceso por preinscripción para este ano foi de 10,14 puntos, acadando o máximo valor dende o curso 2013-14 (táboa 3). Asemade é importante sinalar que o 100% do alumnado accedeu ao Grao cunha nota media superior a 6, o que vén ocorrendo dende o curso 2013-2014 (IN07G)

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
IN06G	8,16	8,78	9,09	9,57	9,57	9,25	10,14

Táboa 3. Nota media de acceso por preinscripción (IN06G)

En relación ao Máster en Optometría, o perfil de ingreso e formación vai dirixido principalmente a graduados/as en Óptica y Optometría, Bioloxía, Farmacia, Medicina, e en xeral, perfís de ciencias da saúde. Para formalizar a matrícula o alumnado debe reunir os requisitos xerais de acceso recollidos no artigo 16 do Real decreto 1993/2007, de 29 de outubro de 2007 (BOE nº 260 do 30 de outubro).

O curso 2020-21 supón o terceiro ano da implantación do Máster en Optometría, no que se matricularon 18 alumnos/as de novo ingreso dun total de 25 prazas ofertadas, obtendo unha taxa de ocupación do 72% (IN12M), o que supón unha mellora da captación do alumnado en relación ao curso anterior (32%).

Considerando a titulación de acceso dos/as matriculados/as, 16 accederon co Grao en Óptica e Optometría da USC, mentres que un proviña do Grao en Óptica e Optometría da Universidade de Valladolid e outro do Grao en Óptica e Optometría da Universidade de Zaragoza. A nota media de acceso por preinscripción (IN06M) foi de 7,61, lixeiramente superior á do curso anterior (7,55) onde o 100% do estudantado accedeu ao título con nota media maior ou igual a seis (IN07M).

O número total de estudantes do título (IN02M) era de 21 alumnos/as, e a súa procedencia era maioritariamente de Galicia (19 alumnos/as). As provincias con maior representación de alumnado matriculado eran Pontevedra (9 alumnos/as) e A Coruña (7 alumnos/as), seguindo de Lugo (2 alumnos/as) e Ourense (1 alumno/a). Tamén houberon 2 alumnos procedentes de fóra de Galicia, concretamente de Aragón (1 alumno/a) e de Asturias (1 alumno/a). Non houbo alumnado procedente do estranxeiro.

Resultados de aprendizaxe.

Os resultados de aprendizaxe deben garantir que os estudantes acaden os obxectivos dos programa formativos de cada titulación, sempre en coherencia con perfil de egreso e de xeito que os titulados acaden os resultados de aprendizaxe previstos nas súas memorias. Para a valoración destes resultados faise uso dos indicadores pertinentes que se detallan a continuación para cada unha das titulacións que se imparten nesta Facultade.

A Taxa de rendemento do título (IN34G), que mide a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon,

mostrou un valor similar aos cursos anteriores, superior á media da USC (80,97%) e próximo ao valor establecido na memoria do título (85%). Hai que salientar que o alto valor acadado no curso 2019-20 se corresponde co período de confinamiento e a avaliación online, onde se tratou que a situación excepcional do confinamento non prexudicara ao alumnado (táboa 4).

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
IN34G (%)	73,81	80,72	79,14	80,61	91,58	81,50

Táboa 4. Taxa de rendemento do título de Grao en Óptica e Optometría (IN34G)

Con respecto ao Máster en Optometría, a Taxa de rendemento do título (IN34M) foi dun valor de 94,91% similar aos cursos anteriores (94,91%) e superior á media da USC (90,08%) (táboa 5).

	2018-19	2019-20	2020-21
IN34M (%)	94,24	97,92	94,91

Táboa 5. Taxa de rendemento do título de Máster en Optometría (IN34M)

Cando se obtén a Taxa de éxito do título de Grao (IN35G), que considera os créditos superados en relación aos que o alumnado se presentou aos exames, obsérvase un leve aumento dos resultados con respecto á taxa de rendemento, como era de esperar, motivado pola ausencia dos non presentados aos exames neste indicador (táboa 6). Cabe mencionar que a taxa de éxito obtivo un valor próximo ao indicado na memoria do título (90%) e maior que a media da Universidade (87,92%).

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
IN35G (%)	85,13	87,29	85,06	87,66	95,04	88,67

Táboa 6. Taxa de éxito do título de Grao en Óptica e Optometría (IN35G)

En relación ao Máster, a Taxa de éxito (IN35M) obtivo o máximo valor (100%), superando a media da USC (99,01%; táboa 7).

	2018-19	2019-20	2020-21
IN35M (%)	98,57	100	100

Táboa 7. Taxa de éxito do título de Máster en Optometría (IN35M)

A taxa de graduación do Grao (IN37G), que se refire á porcentaxe de estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto, experimentou un considerable aumento en relación aos cursos anteriores, obtendo un valor do 71,70%, mellor que a media da USC (62,06%) e cun valor superior ao establecido na memoria do título (67%). Este dato mantén a tendencia á alza iniciada no curso anterior e indica que o 28,3% do alumnado finaliza os seus estudos máis tarde do que correspondería. Segundo o indicador da duración media dos estudos (IN38G), o alumnado supera os créditos do plan de estudos do Grado en Óptica e Optometría nun promedio de 4,6 anos. A pesar de ser un tempo lixeiramente superior á duración do grao, pódese dicir que o alumnado completa os estudos nun tempo razoable, sobre todo se se ten en conta que o valor é mellor que a media da USC (5,07 anos).

En relación ao Máster en Optometría, a taxa de graduación (IN37M) experimentou unha diminución (75%) en relación ao curso anterior (78,95%), o que indica que o 25% do alumnado terminaba os seus estudos máis tarde do que correspondería. Sen embargo, segundo o indicador da duración media dos estudos (IN38M), o alumnado superou os créditos do plan de estudos do Máster nun promedio de 1,14 anos, menor co ano

anterior (1,25 anos) e ca media da USC (1,45 anos), o que se axusta á duración do título. Hai que salientar que 2 alumnos/as cursaron os estudos na modalidade de tempo parcial. Polo tanto apréciase un bo grao de eficacia do alumnado e da institución.

Satisfacción dos grupos de interese.

É importante examinar o grao de satisfacción, necesidades, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ás titulacións que se imparten nesta Facultade. Deste xeito pódese acreditar que se fan accións para a mellora dos programas formativos. Non obstante, a porcentaxe de participación nestas enquisas difire entre os diferentes grupos de interese das titulacións que se imparten na facultade.

En relación aos resultados da enquisa do profesorado sobre a titulación de Grao en Óptica e Optometría, indicar que a participación deste colectivo foi dun 36,36%. A valoración global do profesorado coa titulación foi de 4,05 sobre 5, similar á obtida no curso anterior (4,04), e atendendo á valoración dos aspectos individuais da enquisa obtivéronse os seguintes resultados:

- En relación ao grupo de ítems que avaliaban o apoio á docencia, todos eles obtuvieron una valoración superior a 4. Os ítems menos valorados, do mesmo xeito que no curso anterior, foron os relativos a se os recursos educativos dispoñibles eran axeitados (4,11) e ao estado do equipamento das aulas (4,20). Pola contra, o que acadou a maior puntuación, do mesmo xeito que nos cursos anteriores, foi o que valoraba a atención prestada polo persoal de administración e servizos, obtendo unha puntuación de 4,35 sobre 5, inferior ao curso 2019-20 (4,77). Hai que salientar que 5 dos 6 ítems que conforman este grupo obtiveron unha puntuación maior que o curso anterior.
- No referente aos aspectos académicos de la titulación, 5 dos 8 ítems polos que se preguntaba ao profesorado obtiveron unha valoración por enriba de 4. Do mesmo xeito que nos cursos 2018-19 e 2019-20, o ítem menos valorado foi o referente á coordinación dos docentes na organización do título, obtendo unha puntuación de 3,33 sobre 5. Pola contra, o ítem que acadou a maior puntuación, e de forma similar aos dous cursos anteriores, foi o que valoraba o calendario de probas de avaliación, obtendo unha puntuación de 4,32 sobre 5. Houbo unha diminución con respecto á valoración da formación das competencias do alumnado, pasando dun 4,08 no curso 2019-20 a 3,89. Isto pode xustificarse pola necesidade que houbo neste curso de implantar a docencia semipresencial e a redución das prácticas ao 50%, debido á pandemia da Covid-19. Os restantes ítems, que valoraban os horarios, a distribución da carga de traballo e a organización da titulación, obtiveron unha valoración igual o superior a 4.
- Finalmente, no referente aos aspectos da enquisa relacionado co alumnado, houbo unha lixeira diminución da valoración dos 5 ítems en relación co curso anterior. O ítem menos valorado foi o que atendía a se o alumnado acudía con regularidade ás clases, obtendo un 3,55 sobre 5, inferior ao curso anterior (4). Pola contra, os ítems máis valorados foron os que valoraban se o alumnado cumpría coa planificación académica e a súa implicación coa titulación (puntuación de 3,95 en cada ítem), sendo inferiores ao curso anterior (4,23 e 4, respectivamente). O ítem que valoraba se o alumnado estaba satisfeito/a coa titulación sufriu un descenso en relación ao curso anterior, de 4,36 a 3,94, mentres que a satisfacción xeral coa titulación obtivo unha valoración similar, cunha puntuación de 4 sobre 5.

En relación á enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, a valoración global foi de 3,63 sobre 5, lixeiramente superior ao curso anterior (3,51). Sen embargo, hai que sinalar que a participación deste colectivo foi baixa (4,93%), polo que os resultados hainos que considerar con cautela. Se se atiende á valoración dos aspectos individuais da enquisa, obtivéronse os seguintes resultados:

- No referente ao apoio e orientación ao alumnado, tan só 2 dos 7 ítems polos que se pregunta ao alumnado obtiveron una valoración igual ou superior a 4, que foron os máis valorados, os cales

avaliaban a orientación laboral e profesional recibida no centro (4) e os trámites de matriculación (4,15). O ítem menos valorado foi o referente a se as infraestruturas e materiais dispoñibles no centro eran axeitados, obtendo una puntuación do alumnado de 2,69 sobre 5. Os restantes ítems que valoraban a información e recursos educativos dispoñibles, a atención do persoal de administración e servizos, e a utilidade do campus virtual para as xestións académicas obtiveron unha valoración entre 3 e 3,85 sobre 5. Como xa se comentou antes, a participación desta enquisa foi moi baixa, polo que estes valores débense tomar unicamente como referencia. Para este curso comezáronse a adoptar medidas encamiñadas a mellorar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción, facendo máis visible e fácil o acceso á enquisa dende a aula virtual e da propia páxina web da Facultade, xunto con outras accións mais directas. Non obstante, a situación excepcional por mor da Covid-19, dificultou estas accións.

- En relación coa sección da enquisa que analizaba os aspectos formativos, todos os ítems obtiveron un valor superior a 3, excepto no ítem que valoraba a distribución da carga de traballo, onde sufriu unha diminución dende o curso anterior, pasando de 3,31 a 2,43. Isto puede ser debido aos cambios sufridos na planificación académica para adaptarse á docencia semipresencial. En calquer caso, poderase valorar se este ítem mellora coa recuperación do 100% da docencia presencial. Cabe mencionar a mellora da percepción da oferta de prácticas do alumnado con respecto ao curso anterior, pasando de 3,31 a 3,71. Finalmente, o ítem mellor valorado foi a organización da titulación, cunha puntuación de 4, superior ao curso 2019-20.

Respecto á enquisa de satisfacción dos titores externos coas Prácticas Tuteladas (INF07), todos os participantes valoraron coa nota máxima (puntuación de 5) que estas prácticas era un bo contacto dos estudantes co mundo laboral. También valoraron positivamente a información recibida do procedemento e a coordinación das prácticas (puntuación de 4,60 sobre 5), e mostraron un bo grao de satisfacción coas tarefas realizadas como titor profesional (puntuación de 4,40 sobre 5). Ademais, o 80% indicou que contrataría ao estudante e o 100% dos enquisados volverían a ofertar a praza de prácticas. Hai que indicar que a participación deste grupo de interese na enquisa foi dun 15,15%.

En relación ao Máster en Optometría, a enquisa do profesorado sobre a titulación obtivo unha participación do 21,88%, superior ao curso anterior (18,18%). A valoración global do profesorado coa titulación foi de 4,32 sobre 5, superior á acadada no curso anterior (4,08), e atendendo á valoración dos aspectos individuais da enquisa obtivéronse os seguintes resultados:

- No referente ao apoio á docencia, os 6 ítems obtiveron una valoración por enriba de 4. Os ítems menos valorados foron os referidos á información da titulación e ás vías existentes para participar na mellora da calidade (ámbolos dous obtiveron unha puntuación de 4,29 sobre 5). Pola contra, os ítems que acadaron a maior puntuación, foi o que valoraba a atención prestada polo persoal de administración e servizos, o estado das aulas e equipamento e a utilidade do campus virtual, obtendo todos eles una puntuación de 4,71 sobre 5.
- En relación aos aspectos académicos da titulación, 7 dos 8 ítems obtiveron una valoración igual ou maior que 4. O ítem menos valorado foi o relativo a se os docentes estaban coordinados na organización do título, igual co curso anterior, obtendo unha puntuación de 3,86 sobre 5. Pola contra, o ítem que acadou a maior puntuación, e de forma similar ao dous cursos anteriores, era o que valoraba o calendario de probas de avaliación, obtendo una puntuación de 4,57 sobre 5. Os restantes ítems, que valoraban, a formación das competencias do alumnado, se os horarios eran axeitados, a distribución da carga de traballo, a organización da titulación e a formación en competencias do alumnado obtiveron unha valoración entre 4,00 e 4,17 sobre 5.
- Finalmente, no referente ao alumnado, todos os ítems polos que se preguntan ao profesorado obtiveron una valoración igual ou superior a 4. O ítem menos valorados foi o referente ao grao de

satisfacción xeral coa titulación, obtendo unha puntuación de 4 sobre 5. Pola outra banda, os ítems mellor valorados foron os referentes a se o alumnado acudía con regularidade ás clases e á súa implicación coa titulación (ambos ítems obtiveron 4,57 sobre 5).

En relación á enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, a participación deste colectivo foi dun 5%, moi inferior ao acadado no curso anterior (20%), polo que os resultados hai que interpretalos con precaución. A valoración global da enquisa foi de 4,00 sobre 5, inferior á do curso anterior (4,28), e atendendo á valoración dos aspectos individuais da enquisa obtivéronse os seguintes resultados

- No referente ao apoio e orientación ao alumnado, os 7 ítems polos que se preguntan ao alumnado obtiveron una valoración igual ou maior que 4, onde os máis valorados estaban relacionados coas infraestruturas e materiais dispoñibles e coa utilidade do campus virtual, obtendo unha puntuación máxima de 5 puntos. O ítem menos valorado foi o que facía referencia á información dispoñible da titulación, cunha puntuación de 4 sobre 5.
- En relación aos aspectos formativos, todos os ítems, excepto 1, obtiveron unha puntuación igual ou maior que 4. Os ítems menos valorados foron os relacionados coa oferta do TFM (3,50), mentres que os máis valorados foron os que analizaban a distribución da carga de traballo, o calendario de avaliación e a xestión do TFM, obtendo unha puntuación de 4,50 sobre 5.

Respecto á enquisa de satisfacción dos/das titores/as externos/as de prácticas externas (INF07), indicar que a participación foi dun 23,08 %, e valoraron coa nota máxima (puntuación de 5) o desempeño do estudante para a empresa/institución, e se os titores externos consideraban estas prácticas un bo contacto dos estudantes co mundo laboral. O 100% dos titores volverían a ofertar a praza de prácticas. Finalmente, hai que salientar que a satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas (IN20M) foi de 4,67 sobre 5, moi superior á acadada na última valoración a este grupo de interese (curso 2018-19), que obtivera unha puntuación de 3,72

Queixas e suxestións dos grupos de interese.

En relación ás queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación, dende o equipo decanal sempre se estudan e resollen todas as reclamacións dos títulos que se imparten no centro. Neste curso non houbo ningunha reclamación relacionada con ningún dos procesos cuxa xestión depende do centro e nas que se aplicaríase a normativa xeral de USC e da propia da Facultade (Regulamento de prácticas tuteladas/externas, Regulamento de réxime interno).

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitir-lles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.

- Mobilidade.
- Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
- Avaliación da aprendizaxe
- Prácticas externas.
- Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
- Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Normativa.

Todos os procesos desenvólvense de acordo coa normativa propia da USC e da Facultade de Óptica e Optometría.

Na páxina web da Facultade de Óptica e Optometría (<https://www.usc.gal/gl/centros/opto/index.html>) pódese consultar toda a normativa que rexe o Grao en Óptica e Optometría e o Máster en Optometría recollida na seguinte páxina (<https://www.usc.gal/gl/centros/opto/normativa/Normativa-da-facultade.html>).

Neste enlace pódese atopar o regulamento de réxime interno: ([regulamento-rexime-interno.pdf](#))

No referente ás Prácticas Tuteladas do Grao, e as Prácticas Externas do Máster, na páxina web da facultade pódese atopar toda a normativa que rexe estas prácticas: (<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-optica-optometria/practicas-tuteladasexternas>)

O Grao en Óptica e Optometría ten elaborado, de acordo co regulamento da universidade, unha normativa para os traballos fin de Grao (TFG) no seguinte enlace: ([normativa-TFG.pdf](#))

O Máster en Optometría ten elaborado, de acordo co regulamento da universidade, a normativa para os traballos fin de máster (TFM), que se pode consultar no seguinte enlace: ([normativa-TFG.pdf](#))

Mobilidade.

Con respecto a os programas de mobilidade, a facultade ten convenio con 9 universidades para o programa SICUE e 7 universidades para o programa ERASMUS. Na páxina web do centro atópase toda a información detallada dos programas de mobilidade, convocatorias e a relación de universidades coas que a facultade ten convenio, onde o alumnado tamén ten acceso aos plans de estudo da titulación en ditas universidades (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-optica-optometria/mobilidade>).

No curso 2020-21 houbo dúas alumnas saíntes á Universidade de Transilvania (Rumanía) dentro do programa ERASMUS e un alumno entrante, provinte da Universidade de Granada, dentro do programa SICUE. É importante resaltar que éste foi o primer curso no que estudantes do Grao en Óptica e Optometría participaron do programa ERASMUS, sendo especialmente relevante se temos en conta a situación da Covid-19, e que se realizou durante todo o curso. Segue sendo necesario aumentar a mobilidade, para o que os convenios ERASMUS establecidos son fundamentais, pero se debe ter en conta a situación pouco favorable para este aspecto que supuso e supón a pandemia pola Covid-19.

Prácticas externas

En relación ás prácticas tuteladas que se imparten no grao, indicar que a xestión e avaliación das mesmas realízaas a Comisión de Seguimento de Prácticas Tuteladas, formada a instancias do Decanato da facultade por profesorado coa titulación en Óptica e Optometría. Isto facilita que o alumnado adquira as competencias adecuadas con independencia

do centro onde se realicen. De acordo á memoria do grao, a Comisión de Prácticas Tuteladas elabora unha memoria anual na que se recolle a información relevante relacionada cos centros de prácticas que foron asignados, a satisfacción do estudantado, a valoración dos/das titores/as, etc.

A apertura de cada unha das convocatorias do curso 2020-21 púsose en coñecemento dos centros sanitarios de óptica a través do Colexio Profesional de Ópticos Optometristas de Galicia, que tamén se encarga da validación dos centros, verificando que o/a tutor/a do centro sexa un profesional óptico optometrista exerciente e colexiado. Para iso cóntase cun convenio firmado de colaboración educativa entre a USC e o Colexio de Ópticos-Optometristas de Galicia, xunto con outros convenios firmados para prácticas en centros de fóra de Galicia. Neste curso firmouse un novo convenio para un centro situado na comunidade canaria. Do mesmo xeito, estas prácticas tuteladas tamén se poden facer no Servizo de Optometría da USC, en virtud da Resolución Reitoral con data 28 de febreiro de 2014.

Segundo o informe de prácticas tuteladas do curso 2020-21, a comisión reuniuse nas datas correspondentes ao calendario académico e aprobadas en Xunta de Facultade, para facer os procedementos de asignación de centros de cada semestre. Desta forma, no primeiro semestre asignáronse centros a 8 alumnos/as nesta convocatoria; mentres que para o segundo semestre a asignación de centros realizouse a 34 alumnos/as admitidos/as.

A pesar que no curso 2020-21, debido á pandemia pola Covid-19, a docencia no resto das materias impartíuse dacordo con escenario 2 establecido pola USC (docencia semipresencial ao 50% cunha rotación semanal, tal como se explica na directriz 2 desta memoria), as Prácticas Tuteladas puideronse realizar en modo presencial ao 100%.

Dende o inicio de cada convocatoria ata a asignación dos centros ao alumnado, atendéronse algunhas incidencias, tanto telefónicamente como por correo electrónico. Cabe salientar que, aínda que non foi posible facer unha revisión e actualización da aplicación web do Xestor de Prácticas, o número de incidencias foi moi baixa, probablemente debido a que se enviou a todos os centros o protocolo detallado para o manexo da aplicación.

A avaliación das Prácticas Tuteladas realizouse mediante os criterios establecidos na Memoria Verificada do título e modificados en Xunta de Facultade o 11 de xullo de 2019, que está pendente dunha modificación menor da memoria do grao. Esta avaliación consiste na suma da calificación outorgada polo avaliador óptico-optometrista externo (60% da nota) e da memoria de prácticas realizada polo/a alumno/a, avaliada pola Comisión de Prácticas Tuteladas (40% da nota).

En relación á satisfacción dos titores externos coas Prácticas Tuteladas, todos os enquisados (INF07) valoraron coa máxima nota (puntuación de 5) que estas prácticas supuñan un bo contacto dos estudantes co mundo laboral. Sen embargo, a participación deste grupo de interese foi dun 15,15%, inferior ao preiordo prepandemia (40.1% no curso 2018-19), polo que puido ser motivada por complicacións organizativas derivadas da Covid-19.

En canto á satisfacción do alumnado coas Prácticas Tuteladas (INF06), este colectivo valorou coa nota máxima (puntuación de 5) que as prácticas supoñen un bo contacto co mercado laboral. Do mesmo xeito, valoraron coa nota máxima a boa atención recibida por parte do tutor profesional, as instalacións do centro de prácticas e as actividades desenvolvidas, as cales tiñan unha clara relación coa formación do título.

En relación ao Máster en Optometría, as prácticas externas son unha parte fundamental do título, xa que permiten ao alumnado poñer en práctica todas as técnicas e metodoloxías estudadas ao longo do curso. Polo tanto é esencial garantir un bo desenvolvemento das mesmas. A organización das prácticas externas corre a cargo da coordinadora do Máster xunto co Decanato da Facultade. Para favorecer a realización destas prácticas, dende o curso 2018-19, a Universidade puxo en marcha unha serie de convenios con diferentes institucións clínicas e de investigación, deste xeito o alumnado podería mellorar a súa práctica no ámbito clínico ou investigador. Os centros de investigación escollidos para estas prácticas eran aqueles nos que se realizaban proxectos relacionados coa visión, mentres que os centros clínicos foron aqueles que garantían unha práctica clínica optométrica especializada, dentro das competencias da profesión de óptico-optometrista. Ademais tamén se contou co Servizo de Optometría, ofertando prestación de servizos asistenciais en atención primaria visual. Dende a coordinación do Máster as prácticas externas organízanse de xeito que todo o alumnado as poida realizar do xeito mais óptimo, atendendo en todo momento todas as demandas do alumnado. No curso 2020-21, a pesar da pandemia da Covid-19, as prácticas externas puideronse realizar con normalidade e non houbo incidencias.

Traballo Fin de Grao / Traballo Fin de Máster

En relación ao traballo fin de grao (TFG), tendo en conta a normativa vixente na USC, todo o profesorado do grao está implicado na docencia desta materia, repartíndose a carga de TFG entre as distintas áreas con docencia no título, e de forma proporcional ao número de créditos impartidos (tabla 8). Esta asignación de TFG está baseada nun suposto de máximos co fin de garantir unha oferta que cubra toda a posible demanda do alumnado.

DEPARTAMENTO	ÁREA	Nº TFGs
2134 Física Aplicada	648 Optometría	30
	647 Óptica	18
	385 Física Aplicada	1
2193 Ciruxía e Especialidades Médico-Quirúrxicas	646 Oftalmoloxía	21
2196 Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	315 Farmacoloxía	1
21B2 Psiquiatría, Radioloxía, Salud Pública, Enfermería e Medicina	615 Medicina Preventiva e Saúde Pública	1
	610 Medicina	1
2113 Fisioloxía	410 Fisioloxía	1
2120 Ciencias Morfolóxicas	027 Anatomía e Embrioloxía Humana	1
21B1 Estatística, Análisis Matemática e Optimización	265 Estatística e Investigación Operativa	1
2142 Matemática Aplicada	038 Astronomía e Astrofísica	1
2109 Economía Financiera e Contabilidade	230 2109 Economía Financiera e Contabilidade	1
2112 Microbioloxía e Parasitoloxía	630 Microbioloxía	1
2190 Bioloxía Funcional	050 Bioloxía Celular	1
2111 Bioquímica e Bioloxía Molecular	060 Bioquímica e Bioloxía Molecular	1

Tabla 8. Número de TFG mínimo que corresponde titorizar ao profesorado de cada área segundo a súa docencia no centro.

Tal como se mostra na táboa 8, ao Área de Optometría correspóndelle titorizar o 37% de todos os TFG. Sen embargo, motivado pola demanda do alumnado á hora de elixir a temática do TFG, o profesorado desta área suele asumir unha maior proporción que o resto. Desta forma, no curso 2020-21, este profesorado tutorizou o 70 % de todos os TFG presentados (28 TFG dun total de 40 presentados).

En relación ao traballo fin de máster (TFM), tendo en conta a normativa vixente na USC, todo o profesorado do título encóntrase implicado na docencia desta materia, repartíndose a carga de TFM entre os distintos departamentos con docencia no título, de forma proporcional ao número de créditos impartidos.

Avaliación da aprendizaxe.

As actividades académicas, metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación desenvólvense de acordo ao recollido na memoria verificada dos títulos de grao e máster. Antes da finalización de cada curso académico o profesorado revisa e actualiza a programación de cada materia que imparte para o seguinte curso, de forma que cumbran co establecido na memoria verificada.

As enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese son parte fundamental do proceso de seguimento da titulación e do proceso de garantía e mellora da calidade, e polo tanto a participación nestas é de especial relevancia.

No curso 2020-21 a participación nas enquisas de satisfacción do profesorado aumentou en relación ao curso pasado, tanto para o título de grao coma no máster. Deste xeito, a participación do profesorado do grao aumentou lixeiramente, pasando dun 33,96% a un 38,18%, mentres que no caso do máster este cambio foi maior, pasando dun 24,24% a un 31,25% de participación.

No caso do alumnado, a participación na enquisa tamén aumentou en relación ao curso pasado, sendo dun 36,32%

para o grao e dun 45% para o máster.

Analizando as valoracións do alumnado co Grao en Óptica e Optometría, a valoración global da satisfacción coa docencia recibida (INF13) obtivo una puntuación de 4,10 sobre 5, sendo similar á obtida no primer semestre do curso 2019-20 (4,01) antes da instauración do estado de alarma, e superior á obtida no segundo semestre, durante o periodo de confinamento do curso anterior (3,93). Isto indica que, a pesar de que neste curso houbo que convivir coa docencia semipresencial, alcanzouse o grao de calidade da docencia presencial. De feito, a valoración dos 11 ítems desta enquisa foi superior á acadada no curso anterior, obtendo una puntuación mínima de 4, que correspondía ao ítem que avaliava se o docente motivaba a participación crítica e activa do alumnado en clase. Pola outra banda, o ítem mellor valorado (4,41) atendía a se os contidos das materias se desenvolvían de acordo co cronograma temporal da materia.

No caso da valoración do alumnado para o Máster en Optometría, a valoración global da satisfacción coa docencia recibida foi dun 4,19 sobre 5, lixeiramente inferior á acadada no curso 2019-20 (4,73). Atendendo á valoración individual dos ítems da enquisa, todos obtiveron unha puntuación maior de 4, onde a puntuación máis alta correspondeu co ítem relacionado á resolución das dúbidas por parte do docente (4,46), seguido co grao de desenvolvemento dos contidos co cronograma da materia (4,21). As puntuacións mínimas foron para os ítems relacionados cos materiais subministrados para a preparación da materia (4,09) e coa organización e claridade das clases impartidas (4,04). Hai que salientar que este é un máster semipresencial, onde moitas clases expositivas impártense mediante a entrega de documentación e tarefas, así como vídeos didácticos no campus virtual.

En relación á valoración do profesorado para o Grao en Óptica e Optometría, a valoración media da súa satisfacción coa docencia impartida (INF14) foi de 4,11 sobre 5, superior ao acadado o curso anterior (3,86). En xeral, dos 19 ítems que conformaban a enquisa, 11 foron valorados cunha puntuación igual ou maior de 4, e dezaioito deles obtiveron una mellor valoración que no curso anterior. Analizando esta enquisa, o profesorado valorou coa menor puntuación a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento das clases (3,38 sobre 5), sendo tamén un dos ítems menos valorados nos cursos anteriores (3,62 no curso 2019-20 e 3,74 no curso 2018-19). Obsérvase tamén una preocupación do profesorado coa falta de participación do alumnado durante as clases, feito que quedou evidenciado durante as clases non presenciais. Pola outra banda, os ítems mellor valorados foron os relacionados coa información dos criterios de avaliación das materias e o trato que se dispensaba a os estudantes (puntuación de 4,72 sobre 5 cada ítem). En relación coas cuestións relacionadas coa docencia non presencial, este colectivo valorou positivamente as ferramentas dispoñibles para desenvolver a docencia durante a crisis sanitaria da Covid-19, cunha puntuación de 4,34 superior ao curso anterior (3,32).

En relación ao Máster en Optometría, a valoración media da satisfacción do profesorado coa docencia impartida foi dun 4,33 sobre 5 superior á do curso anterior (4,11). Excepto un, todos os ítems obtiveron un valor maior de catro. Analizando en detalle a enquisa de satisfacción realizada por este colectivo, a puntuación máis baixa correspondeu, de forma similar ao curso anterior, ao ítem relacionado co grao de coordinación entre as distintas materias do máster (3,92). Os ítems mellor valorados da enquisa, de forma similar ao curso 2018-19 e 2019-20, foron os relacionados co grao de accesibilidade do profesorado co alumnado (4,58) se o profesorado mantiña un trato correcto (4,75) e unha comunicación axeitada cos estudantes (4,64).

Hai que salientar que no máster houberon dúas materias optativas nas que non houbo ningún matriculado, *“Calidade visual e anomalías refractivas”* e *“Láser na práctica clínica”*, polo que haberá que facer un seguimento das mesmas.

Finalmente, dende os órganos de goberno da Facultade de Óptica e Optometría faise unha vixilancia dos resultados de aprendizaxe que se teñen en conta para a revisión e mellora do plan de estudos. Neste sentido, as Comisións Académicas de Grao e Máster xunto coa Comisión de Calidade realizan unha análise anual dos resultados dos diversos indicadores e se estudan os casos onde se observa unha diminución nos valores respecto aos cursos anteriores.

Resultados de aprendizaxe.

En relación aos resultados da aprendizaxe das materias do Grao en Óptica e Optometría, apréciase en xeral, unha lixeira diminución da taxa de rendemento comparado co curso anterior, aínda que todas as materias do grao, excepto 4, tiveron unha taxa de rendemento superior ao 50%.

As materias coas taxas de rendemento máis baixas, e que mostraron un valor inferior ao 50%, foron *Óptica Xeométrica* (32,61%), *Bioquímica* (38,81%), *Instrumentación Óptica* (40,91%) e *Biología* (45,95%). Pola outra banda, chama á atención a diminución da taxa de rendemento, comparado co curso anterior, das materias *Bioquímica* (pasou do 79,76% ao 38,81%) e *Fisioloxía Ocular* (pasou do 90,24% ao 53,57%), polo que é necesario abordar cómo mellorar estes resultados. Debido a estes resultados e á súa tendencia dos últimos anos, esta situación viuse analizando a través de reunións co profesorado, cos estudantes e coa necesidade de dar resposta a unha solicitude, remitida ao decanato pola Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa, en relación con Instrumentación Óptica. Nos últimos anos, introducíronse nalgunas materias cambios nos sistemas de avaliación, dando aos estudantes a opción de facer exámes parciais; atendendo a estudantes na acción tutorial extraordinaria, etc., pero que, como se pode observar, a taxa de rendemento segue sendo excesivamente baixa. Esta situación mantida no tempo nestas materias, levou a que nalgunas delas o número de novos estudantes sexa inferior ao número de repetidores.

Finalmente, nas materias clínicas obrigatorias e directamente relacionadas coa profesión de Óptico-Optometrista, a taxa de rendemento alcanzou en case todas elas un valor do 100%. Tamén obtivo unha alta taxa de rendemento as materias preclínicas e as materias técnicas relacionadas coa profesión; en todas elas dita taxa superou o 80%.

Cando atendemos a estes resultados considerando ao alumnado que se presentou aos exames, é dicir, a taxa de éxito do título de grao (IN35G), obsérvase un incremento con respecto á taxa de rendemento en todas as materias. Este incremento é especialmente notable nas materias de *Bioestatística* (diferenza do 20,64% entre a taxa de éxito e a de rendemento) e *Óptica Xeométrica* (diferenza do 19,11 %), seguido das materias *Fundamentos de Optometría* (diferenza do 17,38 %) e *Biofísica* (diferenza do 17,05 %); e en menor medida, as materias *Instrumentación Óptica* (diferenza do 16,23 %), *Fisioloxía Ocular* (diferenza do 16,20 %), *Óptica Física* (diferenza do 13,34 %) e *Microbioloxía* (diferenza do 12,37 %). Cabe sinalar en relación ás materias de primeiro curso, que se detectaron estudantes que abandonaban a titulación sen facer a modificación de matrícula correspondente; probablemente se tratase de estudantes que, non habiéndose seleccionado a titulación en primeiro lugar, tivesen a opción de estudar noutra universidade ou de cambiar de titulación na USC.

O resto das materias presentaron una diferenza entre ambas taxas menor de 10%, o que indica que, nestes casos, os resultados de aprendizaxe non estiveron afectados polo número de alumnos/as que non se presentaron aos exámes ou que abandonaron o título.

Finalmente, Hai que salientar que a taxa de éxito, para toda as materias do grao, foi maior do 80% excepto para 5 materias; *Bioquímica* (44,07%), *Óptica Xeométrica* (51,72%), *Biología* (53,97%), *Instrumentación Óptica* (57,14%) e *Fisioloxía Ocular* (69,77%). Cabe mencionar as materias *Óptica Geométrica* e *Instrumentación Óptica*, que ademais de presentar taxas de rendemento das máis baixas do grao, mostraron unha diferenza notable coa taxa de rendemento, o que supón unha desafección do alumnado a presentarse a os exámes. Os percentiles ao 10% e ao 20% calculados, tendo en conta a taxa de éxito de todas as materias do título, foron de 63 % e 77% respectivamente.

Esta problemática das baixas taxas de rendemento e éxito nalgunas materias deberá abordarse nunha próxima Comisión de Título, pidindo informe a os profesores implicados, que poderían ser invitados a asistir; con posterior informe a departamentos implicados e á Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa da USC.

Atendendo ao rendemento por materias para o Máster e Optometría, pódese apreciar, en xeral, que no curso 2020-2021 obtivéronse uns bos resultados, onde todas as materias obtiveron unha taxa de éxito do 100%.

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Persoal académico.

No curso 2020-21 impartiron docencia no Grao en Óptica e Optometría un total de 56 profesores/as dos cales 3 eran Catedráticos de Universidade, 18 Titulares de Universidade, 2 Catedráticos de Escola Universitaria, 3 Titulares de Escola Universitaria, 7 Profesores Contratados Doutores, 3 Profesores Axudantes Doutores LOU, 4 profesores Interinos/as, 8 Asociados/as de Universidade LOU, 2 Contratados Posdoctoral da Xunta de Galicia, 3 Contratados Predoutorales do Ministerio, 2 investigadores do Programa "Juan de la Cierva" e 1 investigador do Programa "Ramón y Cajal". En total, o persoal docente do grao ten reconecido 55 sexenios de investigación e 87 quinquenios de docencia. O 72,34% do Profesorado é doutor (IN25C) e o 55,31% é funcionario de carreira (IN26C).

Participaron na docencia do Grao en Óptica e Optometría un total de 12 Departamentos, ningún dos cales ten sede nesta facultade. Únicamente teñen sede 2 áreas, a Área de Óptica e a Área de Optometría, sendo esta última área propia da USC. (ver táboa 9).

DEPARTAMENTO	ÁREA DE CONOCIMIENTO	Profesorado	Nº de horas
Ciencias Morfolóxicas	[027] Anatomía e Embrioloxía Humana	1 TIT-UN	70,00
Matemática Aplicada	[038] Astronomía e Astrofísica	2 TIT-UN	38,00
Bioloxía Funcional	[050] Bioloxía Celular	1 TIT-UN	82,00
Bioquímica e Bioloxía Molecular	[060] Bioquímica e Bioloxía Molecular	1 TIT-UN	66,00
Economía Financiera e Contabilidade	[230] Economía Financiera e Contabilidade	1 Interino de substitución	41,00
Estatística, Análisis Matemática e Optimización	[265] Estatística e Investigación Operativa	1 CAT-UN	95,00
Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	[315] Farmacoloxía	1 Interino de substitución 1 PAYU-DR	38,00
Fisioloxía	[410] Fisioloxía	1 CAT-UN 2 PC-DOC 1 INV-RyC 2 INV-JC 2 Predoutorais da Xunta	163,00
Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermería e Medicina	[610] Medicina	1 PC-DOC	38,00
	[615] Medicina Preventiva e Saúde Pública	1 TIT-UN	72,00
Microbioloxía e Parasitoloxía	[630] Microbioloxía	1 TIT-UN 1 Predoutoral da Xunta	75,00
Ciruxía e Especialidades Médico-Quirúrxicas	[646] Oftalmoloxía	1 CAT-UN 2 TIT-UN 1 TIT-EU 1 ASOCIADO P6	1.089,50*
Física Aplicada	[385] Física Aplicada	2 TIT-UN	119,00
	[647] Óptica	1 CAT-EU 5 TIT-UN 2 TIT-EU 2 PC-DOC 2 Post doutorais Xunta	772,00
	[648] Optometría	1 CAT-EU 2 TIT-UN 2 PC-DOC 2 PAYU-DOC 8 Profesores asociados (P6) 2 Interino de substitución	2.358,50

*Tabla 5. Distribución do profesorado que imparte docencia no Grao en Óptica e Optometría. *712.5 son prácticas en hospitais.*

Aínda que se cubren todas as horas de docencia do grao, tal e como están establecidos na memoria do título verificada, compre salientar que segue habendo necesidades de profesorado con capacitación profesional

para acadar os niveis de docencia práctica esixidos para a obtención do Diploma Europeo do Título. Hai que salientar que ao inicio da implantación do grado, e motivado pola falta de profesorado na área de Optometría que había nese momento, solicitarase a substitución de horas asignadas a prácticas clínicas por horas de seminarios nas materias máis especializadas e profesionalizantes del título, todas elas da Área de Optometría (Optometría I, Optometría II, Optometría III e Optometría IV; Contactoloxía I e Contactoloxía II; Clínica Optométrica I, Clínica Optométrica II e Clínica Optométrica III)

Sen embargo, no informe final da renovación da acreditación (03/05/2016) indicouse que había que recuperar as horas asignadas ás prácticas clínicas e con iso garantir a adquisición por parte do estudiantado de todas as competencias, especialmente, daquelas que teñan un claro compoñente profesional no ámbito da Optometría. Este cambio supón un incremento de 390 horas de docencia práctica clínica e preclínica, e é un aspecto sobre o que xa que viña informado e insistido ao vicerreitorado de profesorado en diversas ocasións nos cursos anteriores.

Atendendo a esta demanda, foise aumentado a plantilla do profesorado óptico-optometrista, pasando dos 11 docentes que había no curso 2014-15, a contar con 16 profesores/as óptico -optometristas no curso 2020-21. Do mesmo xeito, tamén se promocionaron algunhas prazas xa existentes, resultando na seguinte composición de profesorado; 7 docentes a tempo completo (1 catedrática, 2 titulares, 2 profesores contratados doutores e 2 axudantes doutores) e 9 con dedicación a tempo parcial (7 asociados con desenvolvemento profesional fóra do ámbito universitario e 2 profesores interinos de substitución por cargo académico). Aínda que con isto non se alcanza o total de 17 docentes necesarios para as necesidades plantexadas na memoria acreditada, supuso un salto cualitativo. Por todo iso, no curso 2020-21 o Decanato fai unha proposta, aprobada pola Xunta de Facultade reunida o 11 de febreiro de 2021, para començar a recuperar estas horas prácticas de forma progresiva. Desta forma, para o curso 2021-22 iniciárase a recuperación das seguintes horas prácticas:

- Materias preclínicas que recuperan o 100% da docencia práctica:
 - Optometría I; aumenta 25 horas de carga docente práctica
 - Contactoloxía I; aumenta 25 horas de carga docente práctica
- Materias clínicas que recuperan o 50% da docencia práctica:
 - Clínica Optométrica I; aumenta 50 horas de carga docente práctica
 - Clínica Optométrica II; aumenta 50 horas de carga docente práctica

En relación ao Máster en Optometría, neste curso impartiron docencia un total de 29 profesores/as dos cales, 1 é Catedrático de Universidade, 12 Titulares de Universidade, 1 Catedrático de Escola Universitaria, 1 Titular de Escola Universitaria, 2 Profesores Contratados Doutores, 2 Axudantes Doutores LOU, 2 Contratados Interinos, e 8 Asociados de Universidade LOU. En conxunto, o persoal docente do máster ten recoñecido 29 sexenios de investigación e 45 quinquenios de docencia. O 72,41% do Profesorado é doutor (IN25M) e o 51,72% é funcionario de carreira (IN26M).

Participan na docencia do Máster en Optometría un total de 8 Departamentos, dos cales ningún ten sede nesta facultade. Unicamente teñen sede nesta facultade 2 áreas, o Área de Óptica e o Área de Optometría, sendo esta última área propia da USC.

A USC conta cun Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) que ten por finalidade establecer un marco de formación que permita adquirir e mellorar as competencias docentes, investigadoras e de xestión necesarias para o exercicio profesional na universidade. Neste curso participaron no programa de formación un 45,45% do profesorado do Grao, superior aos cursos anteriores; 2018/2019 (30,77%), 2017-18 (26,42%) e 2016-17 (35,42%), e inferior ao curso 2019-20 (54,72%). En relación ao profesorado do Máster, neste curso participaron un 31,43% do profesorado, inferior ao curso pasado (51,52%). Hai que salientar que a alta participación no curso 2019-20 puido ser motivada pola necesidade da formación para utilizar as

ferramentas da docencia online no período de confinamento, impartida dende o servizo do PFID, logo da suspensión da docencia presencial debido á Covid-19.

Persoal de apoio.

En relación ao persoal de apoio, segundo as bases de datos da USC, a Facultade conta co seguinte persoal: 1 técnico grado medio investigación, 1 técnico especialista de investigación, 1 técnico de investigación, 2 persoas da Escala Administrativa (responsable da unidade de xestión e secretaria de Decanato) e 2 postos de oficiais de servizo ocupados ao longo deste curso por tres persoas (debido a unha prexubilación). Sinalar que o conserxe é compartido coa Facultade de Física e realiza a súa xornada principalmente nesa Facultade, o que supón que na conserxería da Facultade de Óptica e Optometría só hai un auxiliar en cada quenda (un de quenda de mañá e outro de tarde) que desenvolven as súas tarefas na conserxería desta Facultade. Do mesmo xeito a Facultade de Óptica e Optometría tamén comparte ao Responsable de Asuntos Económicos coa Facultade de Física.

No sector biblioteca hai que sinalar que a dirección está compartida coa Facultade de Física e a Facultade de Óptica e Optometría, e só conta con 2 auxiliares de biblioteca que atenden á sala de lectura en quenda de mañá e tarde. Sinalar que a biblioteca do centro forma parte da biblioteca Intercentros Física-Óptica e Optometría e que os dous auxiliares cobren as quendas de mañá e tarde para manter aberta a sala de lectura e o servizo de préstamo.

En relación ao técnico de grado medio, indicar que realiza toda o seu labor en quenda de mañá, como apoio á docencia das materias clínicas que se imparten en dito servizo, no que o alumnado atenden a pacientes baixo a supervisión do profesorado, prácticas que se imparten no Servizo de Optometría, en horario de 9:00 h a 21:00 h. Debido á especificidade do Servizo e a docencia que nel se imparte, sería necesario a creación dunha praza de técnico de nivel superior para a quenda de tarde ou adecuar a xornada de traballo dos técnicos de investigación ao horario da docencia práctica no servizo.

Segundo a enquisa de satisfacción do PAS desta facultade, os ítems mellor valorados foron a comunicación axeitada entre o persoal da unidade e os usuarios (puntuación de 4,6 sobre 5), xunto cos ítems que valoraban o coñecemento das súas funcións, a seguridade do lugar de traballo e a importancia da formación para mellorar o traballo (puntuación de 4,4 sobre 5). Os ítems peor valorados foron o sistema de reparto de cargas de traballo, as condicións laborais e o grao de motivación (puntuación de 3,6 sobre 5 en cada un deles). O grao de participación de esta enquisa foi do 50%.

A USC tamén oferta un programa de actualización e formación para o PAS. No curso 2020-21 o 37,5% do PAS do centro participou en actividades de formación.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.

- Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
- Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado orientano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalación onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Recursos materiais e servizos:

A Facultade conta coas infraestruturas necesarias para impartir a docencia do grao e do máster. Anualmente, ábrese un prazo de solicitudes de material de prácticas para o profesorado e as súas propostas son analizadas e priorizadas pola Comisión de Asuntos Económicos do centro. Dende o ano 2018 séguense uns criterios de reparto do orzamento baseándose nas horas de docencia práctica, número de alumnos/as e número de grupos de prácticas. Estes criterios aplícanse a cada materia, organizándose a súa vez polos espazos onde se realizan as prácticas.

Nun Centro cun elevado número de horas prácticas, tanto clínica como non clínica, o mantemento e a actualización dos laboratorios é unha parte fundamental para o correcto desenvolvemento da docencia. Debido a iso, o Decanato púxose en contacto con varias empresas do sector para establecer unha colaboración de préstamo de equipos e así facilitar a docencia. Para iso firmáronse convenios coas devanditas empresas.

A importancia do Servizo de Optometría, dos gabinetes de Optometría e Contactoloxía na consecución das competencias específicas da titulación, fan necesario elaborar anualmente un estudo das necesidades de renovación dos equipos e dun plan de continxencia.

No caso do Servizo de Optometría, é de resaltar o feito de que é o centro onde se imparten cada curso un total de 1400 horas de docencia clínica do Grao (900 horas correspondentes as materias Clínica Optométrica I, Clínica Optométrica II e Clínica Optométrica III; e 500 horas de Prácticas Tuteladas), do Máster (16 horas correspondentes as materias Superficie Ocular e Lentes de Contacto, Ollo Seco e Lentes de Contacto, Discomfort Ocular e Lentes de Contacto; e 640 horas de Prácticas Externas) e das actividades de investigación do grupo GI-2092 Optometría. Como se ven recollendo nos anteriores informes de seguimento, sempre houbo unha necesidade de ampliar este espazo, xa que as 1400 horas víñanse impartindo nun espazo funcional de 46,46 m².

Debido ás características da crise sanitaria motivada pola Covid-19, a distribución dos espazos condicionou a docencia para o curso 2020-21. Establecido o escenario 2, (ver a directriz 2 desta memoria), enviouse un correo a todo o profesorado dende a Comisión de Asuntos Económicos, Administración,

Servicios e Espazos da facultade, para coñecer as necesidades de medidas concretas que puideran requirir algunhas materias para o desenvolvemento da docencia. Organizáronse as aulas e laboratorios/gabinetes de prácticas, clausurando os postos das aulas que no garantían unha distancia mínima de 1,5 m e instalando mamparas nos espazos necesarios (laboratorio de bioloxía e aula de informática). Dende o Servizo de Prevención de Riscos da USC revisouse o sistema de ventilación de cada aula e laboratorio/gabinete de prácticas para garantir que era o axeitado. Todos os espazos contaban con material de desinfección con xel hidroalcohólico distribuídos dende Xerencia da universidade. Para garantir a docencia non presencial sincrónica, dende a Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións da USC, subministrouse equipamento informático e audiovisual nas aulas da facultade, completando o centro as que non dotaron co seu propio orzamento. Finalmente, hai que salientar que un aula do centro reservouse e habilitouse para utilizalo como espazo onde autoillarse, no caso de que alguén presentase síntomas compatibles coa Covid-19, tal como viña indicado no Protocolo para unha Docencia Presencial Segura desta facultade.

